

VII XORNADAS DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEIP Francisco Vales Villamarín - IES Francisco Aguiar - IES As Mariñas
ANPA Brigantium - ANPA O Carregal - ANPA As Mariñas
CFR A Coruña - Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
Concello de Betanzos

7 e 8 de xuño de 2019 - Aula de Cultura Xulio Cuns (edificio Arquivo) BETANZOS
ACTIVIDADE RECOÑECIDA OFICIALMENTE POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E F.P.
(12 h na modalidade xornadas) - Certificación do CFR da Coruña para docentes en activo
- ENTREGARÁSELLE CERTIFICACIÓN DE ASISTENCIA AO RESTO DE PARTICIPANTES -
Patrocinadas polo Concello de Betanzos

VENRES, 7 DE XUÑO

RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN E SINATURAS (16:30 - 17:00)

APERTURA (17:00 - 17:15)

1. ESCOITAR AO QUE APRENDE PARA FALAR AO QUE ENSINA (17:15 - 19:15)

Que perciben, pensan e senten os que aprenden? Se os que aprenden deben "saber pensar", os que ensinan deben "pensar o saber": que e como se debe saber. De non ser así, estaremos a dar contidos obsoletos que non achegarán crecemento emocional e intelectual algún. escoitar é deixar de oírte a ti mesmo!

Hai que manter no ensino os principios, os motivos e os resultados que achegaron unha demostración suficiente da súa valía, pero tamén hai que desatar ligaduras e superar costumes de dubidoso acerto.

Non é cuestión de dotar á aula de... senón de atopar á mestra, ao mestre, ao profesor, á profesora capaz de facer que o alumnado xere ideas con.... Non é cuestión de paradigmas, nin sequera é cuestión de metodoloxía, senón dun cambio radical de estado mental e nivel de consciencia desde o que sexa posible ensinar desde o cerebro do que aprende e construír a escola que non existe para o alumno que non chega.

JOSÉ A. FERNÁNDEZ BRAVO

DESCANSO 19:15 - 19:45

2. ASOCIACIÓN PEDAGÓXICA MUDARE: NA PROCURA DA TRANSFORMACIÓN EDUCATIVA (19:45 - 20:30)

Coñeceremos os motivos, os fin e as formas organizativas de MUDARE, unha Asociación Pedagóxica constituída recentemente para ocupar un espazo de transformación no noso sistema educativo: dende fóra, a través do traballo conxunto do profesorado en horas non lectivas e a formación aos pais e aos mestres, e dende dentro, con formacións nos propios centros.

ROBERTO MAQUIEIRA GARCÍA e CRISTINA MÉNDEZ AROSA

SINATURAS (20:30 - 20:45)

3. ACTUACIÓN MUSICAL (20:45 - 21:45)

XOÁN CURIEL

SÁBADO, 8 DE XUÑO (mañá)

SINATURAS (09:45 - 10:00)

4. A ESCOLA QUE QUERO (10:00 - 12:00)

Atender á diversidade non é algo engadido, excepcional, é imprescindible; é un dereito. É a escola que quero, a que constrúen as boas persoas e encárgase de dar oportunidades para que cada neno e nena atope a súa mellor versión.

M^a DEL MAR ROMERA MORÓN

DESCANSO 12:00 - 12:30

5. RESPONDER ÁS NOVAS REALIDADES - IES DAVID BUJÁN (12:30 - 13:30)

Un centro educativo non pode permanecer á marxe das transformacións sociais e dos cambios que se están a producir no mundo que nos rodea. O IES David Buján afronta estes aspectos dende varias perspectivas: a internacionalización, a solidariedade, o compromiso co medio ambiente, a convivencia, a igualdade de xénero e a diversidade, a difusión científica, a interdisciplinariedade. A dirección do centro impulsa e coordina aos grupos de traballo e aos equipos de dinamización na procura de respostas a estas novas realidades.

MARÍA DEL CARMEN MOSQUERA CASTRO

SINATURAS (13:30 - 13:45)

XANTAR (14:00 - 16:00)

SÁBADO, 8 DE XUÑO (tarde)

SINATURAS (16:30 - 16:45)

6. PROXECTO DE TRANSFORMACIÓN NO CEIP AS COVAS-MEAÑO (16:45 - 17:45)

O sistema educativo precisa dun cambio profundo, dunha renovación real, dun cambio de paradigma... Falamos de moito máis que reformar, falamos de transformar. Hai tres cursos no CEIP As Covas-Meaño iniciamos un proceso de transformación do proxecto de escola. Atopámonos en tránsito, camiñando paseniño cara un modelo educativo onde prime o neno, a nena e a significatividade da aprendizaxe.

Trátase de educación, mais en realidade trátase de infancia.

PAULO NOGUEIRA PORTO

7. INCLUÍDOS PARA INCLUÍR (17:45 - 18:15)

Incluídos por incluír é un espazo que pretende dar voz a diferentes colectivos relacionados coa educación e a atención á diversidade.

Nesta VII edición das Xornadas contaremos coa voz e opinión do colectivo máis importantes para o noso obxectivo (acadar un ensino de calidade para todos e todas): o noso alumnado.

Escoitaremos a opinión de alumnado de Educación Primaria e Secundaria sobre diferentes temáticas relacionadas coa educación e a escola; a súa visión sobre a escola do pasado, do presente e do futuro, da man dos maiores, dos pequenos e do xogo.

ALUMNADO DE PRIMARIA E SECUNDARIA DOS CENTROS ORGANIZADORES

DESCANSO 18:15 - 18:45

8. POR UNHA ESCOLA INCLUSIVA, MELLOR AÍNDA, EXCLUSIVA (18:45 - 20:45)

Facer da escola un lugar de encontro onde a diferenza é un recurso, a diversidade o camiño para chegar á excelencia dunha educación para todos e para todas; ou mellor, unha educación con todos e con todas.

FRANCESCO TONUCCI

CLAUSURA (20:45 - 21:00)

SINATURAS (21:00 - 21:15)

9. ACTUACIÓN FOLCLÓRICA (21:15 - 21:45)

DANZAS GREMAIS DE BETANZOS